



PRESENTACIÓN ACTIVIDADES GALP NO CONCELLO DE BOIRO

1.- “CULTURA MARIÑEIRA NA RIA DE AROUSA”

Descrición: Tendo en conta que unha das liñas da estratexia do GALP é o Fomento do benestar social e do patrimonio cultural das zonas pesqueiras, a Xunta Directiva considera importante o fomento da dinamización desta liña mediante unha serie de actos en 4 concellos do GALP onde se incida na importancia da Cultura Mariñeira do territorio e da súa posta en valor. Para isto se realizaran unhas presentacións que viran acompañadas dunha representación teatral cunha temática relacionada co mar e a súa cultura mariñeira.

Obxectivos:

- 1.- Dinamización do GALP Ría de Arousa e da súa Estratexia dándose a coñecer no territorio.
- 2.- Fomento do benestar social e do patrimonio cultural das zonas costeiras
- 3.- Posta en valor da cultura mariñeira do territorio.

Principais actividades

- **Representacións teatrais** relacionadas coa cultura Mariñeira en 4 concellos do GALP Ría de Arousa.

Cronograma

15 de Novembro- 15 Decembro 2016

(En Boiro representarase a obra de teatro "AS DO PEIXE" o domingo 27 as 19h na Casa da Cultura Ramón Mtnez. López - Cachada)

2.- ACTIVIDADES MEDIOAMBIENTAIS EN AROUSA NORTE

Participantes: -GALP Ría de Arousa - Concellos de Arousa Norte: Ribeira, Pobra, Boiro, Rianxo, Catoira.

Descrición: Dar o GALP Ría de Arousa a coñecer mediante a realización dunha serie de actividades relacionadas coa protección do medio ambiente. Pretendese que sexan os propios concellos participantes os que se involucren na súa organización en colaboración coas confrarías e as asociacións do sector pesqueiro, marisqueiro e acuícola. Ditas actividades están destinadas ó público en xeral e particularmente a escolares, persoas da 3º idade e colectivos desfavorecidos.

Obxectivos:

- 1.- Dinamización do GALP Ría de Arousa e da súa Estratexía, dándose a coñecer no territorio.
- 2.- Fomento da protección do Medio Natural.
- 3.- Colaboración a protección do medio natural.
- 4.- Integración de colectivos desfavorecidos.
- 5.- Fomento da Colaboración entre entidades dos GALP.

Accións a desenvolver:

- 1.- Presentacións do GALP Ría de Arousa
- 2.- Limpezas de Praias, promoción cultura mariñeira etc
- 3.- Deseño de materiais informativos e divulgativos .
- 4.- Elaboración de materiais informativos e divulgativos (Camisetas, Gorras, etc)

5.- Dinamización e coordinación das actividades

6.- Síntese das actuacións mediante a elaboración dunha memoria coas principais conclusións, incluíndo soporte fotográfico.

Cronograma

15 de Novembro a 15 de Decembro.

No Concello de Boiro a actividade desenvolverase cunha actuación de **limpeza na praia de Barraña o 1 decembro** con 50 escolares